



"A FESTA DA MÚSICA, DO XOGOS E DAS PALABRAS. ENCONTROS
PARA A XENTE MIÚDA DA CASA"

XUNTA DE GALICIA

VOLVEN OS AXÓUXERES!



A **Secretaría Xeral de Política Lingüística** pon en marcha unha nova edición do seu programa de dinamización lingüística para **familias con bebés e nenos/as de 0 a 6 anos**.

Trátase dunha iniciativa de promoción da transmisión interxeracional da lingua galega que, por medio da música, do xogo e das palabras, busca favorecer a incorporación do idioma nas familias novas e ofrecerlles unha proposta de lecer en galego na que se inclúen novos materiais e recursos que permitirán darlle continuidade á actividade no fogar.

Dan man da compañía de teatro **Elefante Elegante**, a xira dos Axóuxeres 2015 percorrerá 26 localidades da **Rede de Dinamización Lingüística (RDL)** da **Xunta de Galicia** do 12 de setembro ao 8 de novembro:Arteixo,

A Coruña, Ourense, Boiro, Ames, Vedra, Santiago de Compostela, Teo, Fene, Ferrol, Oleiros, Moaña, Can-

gas, Foz, Viveiro, Xinzo de Limia, Mondoñedo, Redondela, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, A Laracha, Noia, O Carballiño, A Estrada, O Porriño e Lalín.



OS AXÓUXERES

ENCONTROS PARA A XENTE MIÚDA DA CASA



Os Axóuxeres son o encontro da **xente miúda da casa** coas artes escénicas, co teatro, coa música en directo... cos primeiros xogos e coas primeiras cancións en galego... coa lingua de noso.

Cada Encontro dos Axóuxeres, de aproximadamente 40 minutos de duración, foi creado para ofrecerlles aos bebés e nenos/as de 0 a 6 anos un espazo onde **gozar e abrirse** ao descubrimento do mundo **en galego**.



A FESTA DA MÚSICA, DOS XOGOS E DAS PALABRAS

Os Axóuxeres son a **festa da música, dos xogos e das palabras**. Un espectáculo de dinamización lingüística baseado en historias adaptadas á xente miúda da casa e mesturadas con cancións e xogos especificamente creados para a montaxe. Unha festa que por primeira vez se poderá levar para a casa nun **cedé** co que o programa agasallará a todas as familias participantes.

Estrelas dormen; Voga, valente; Vou navegar; Entre o mar e esta bañeira e Mergullo son as **cancións** orixinais dos novos Axóuxeres, que **María Torres** e **Gonçalo Guerreiro** interpretan en directo acompañados polos músicos **Mano Panforreteiro** e **Dani Pais**, e que recolle o cedé Os Axóuxeres, no que tamén se poden escoitar **brinquedos e adiviñas infantís**.



RESERVA PREVIA

A entrada para os Encontros dos Axóuxeres é de balde con reserva previa ata completar a capacidade. As persoas interesadas en participar cos seus bebés ou nenos/as de 0 a 6 anos poderán inscribirse previamente, **de luns a venres e en horario de 10:00 a 13:00 horas**, no número de teléfono **697 363 089**. As inscricións abriranse o luns anterior á celebración de cada unha das funcións.



O PEIXIÑO DE MARIÑA



Mariña. Rapaza con nome de auga, de vida cara ao mar. Ela é a protagonista desta historia e quen un día de praia decide que ese peixiño que colleu co seu trueiro será o mellor compañeiro de cuarto do mundo: “sempre quixen ter un peixiño e por fin o conseguín!”. Lévaoo para a casa, mais o peixiño cada vez está máis triste no acuario...

Será o seu amigo **Muriel** quen convenza a rapaza de que o ceibe: “os peixes do mar teñen que ficar no mar”. Mariña, rapaza lista e espelida, comprende que o seu fiel amigo leva razón, xa que o mar ofrécelle ao peixe todo o que precisa para vivir e ser feliz. E aí comeza a aventura de regreso para o amigo mariño, o amigo de Mariña: a volta ao fogar do que nunca debeu saír. Pero o mar tamén agocha dificultades que os seres que o habitan atopan día tras día... e para o peixiño de Mariña non ía haber excepción.

Unha aventura teatral, musical e lúdica na que a xente miúda se mergullará na profundidade do mar para achegarse a valores como a ecoloxía ou a amizade. Unha experiencia sensorial e lingüística coa que aprender e levar para a casa divertidas cancións, adiviñas e xogos.



OS AXÓUXERES

TAMÉN NA REDE

Os Axóuxeres tamén están na rede, onde teñen a disposición de todas as familias as súas cancións, adiviñas infantís e brinquedos para que o espectáculo e a dinamización lingüística continúen no fogar. Poderanse descargar en aberto e de balde desde o novo *Portal da Lingua Galega* (www.lingua.gal) e tamén desde os seus perfís nas redes sociais Facebook e Twitter, que darán conta de todas as novidades do programa.



Para coñecer e compartir as vivencias da xente miúda participante no programa, a Secretaría Xeral de Política Lingüística habilita un espazo de opinión desde o que tamén é posible participar no sorteo de 15 lotes de produtos de lecer para toda a familia, así como acceder aos materiais das edicións anteriores e aos da Xeración dos Axóuxeres.

<http://ir.gal/1febfb>

www.facebook.com/axouxeres

www.twitter.com/OsAxouxeres

OS AXÓUXERES

SETEMBRO

- 12 ARTEIXO Centro Cívico Cultural 18:00 h
 13 A CORUÑA Centro Ágora 12:30 h
 18 OURENSE Auditorio Municipal 18:00 h
 19 BOIRO Casa da Cultura 12:00 h
 25 AMES Auditorio da Casa da Cultura do Milladoiro 18:00 h
 26 VEDRA Museo Modesto Paz Camps 12:00 h
 26 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Centro Sociocultural das Fontiñas 19:00 h
 27 TEO Auditorio da Ramallosa 12:00 h

OUTUBRO

- 3 FENE CCRD de Perillo 12:00 h
 3 FERROL Edificio do antigo hospital 18:30 h
 4 OLEIROS A Fábrica 18:30 h
 10 MOANA Centro Sociocultural Daniel Castela 12:00 h
 10 CANGAS Auditorio Municipal 18:00 h
 11 FOZ Saúl Bahía 12:00 h
 11 VIVERO Teatro Pastor Díaz 18:00 h
 12 NINZO DE LIMIA Auditorio da Casa da Cultura 12:30 h
 18 MONDOÑEDO Auditorio Municipal Pascual Veiga 12:00 h
 25 REDONDELA Multiúso da Xunqueira 12:00 h
 25 RIBEIRA Centro Cultural Lostras Rivas 18:30 h
 30 VILANGARÇA DE AROUSA Auditorio 18:00 h

NOVEMBRO

- 1 A LABACHA Biblioteca Municipal 18:00 h
 2 NOJA Casa da Cultura Antón Avilés de Terramancos 18:30 h
 6 O CARBALLINO Auditorio Municipal 17:00 h
 7 A ESTRADA Teatro Principal 17:00 e 18:30 h
 8 O PORRIÑO Centro Recreativo Cultural 12:00 h
 8 SALLÍN Praza de Linares 18:30 h

Un programa da

Secretaría Xeral de Política Lingüística
 para a Rede de Dinamización Lingüística

A festa da música, dos xogos e das palabras

Encuentros para a xente miúda da casa

OS AXOUXEIROS

Entrada de balde con reserva previa ata completar capacidade

Reservas no 697 363 089 de luns a venres en horario de 10:00 a 13:00 h, desde unha semana antes da sesión